

MERCEDES RODRÍGUEZ MOREDA

Directora Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Consellería do Mar

Xunta de Galicia

Mercedes Rodríguez Moreda, directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, naceu en Foz (Lugo), no ano 1971. É Licenciada en Dereito con Grado pola Universidade de Santiago de Compostela, premio Extraordinario de Licenciatura, obtido no 1994 e realizou un curso de postgrado de contabilidade xeral da UNED.

Iniciou a súa actividade profesional prestando asesoramento en NOCEDA ASESORES S.L., especialmente no sector agrario e gandeiro.

Colexiada como Avogada do Ilustre Colexio de Avogados de Lugo en marzo de 1995, inicia a súa andaina como Avogada, sendo fundadora do bufete RODRÍGUEZ MOREDA ABOGADOS na súa vila natal de Foz.

De 1997 a 1999 compatibiliza esta actividade coa asesoría xurídica na OPP-07-LUGO (Organización de Productores Pesqueros de Lugo), xa dentro do sector do mar.

Dende novembro de 1999 ata o 29 de decembro de 2016 exerceu como Directora-Xerente da OPP-07-LUGO, tamén compatibilizándoo co exercicio da Avogacía.

Dentro do seu traballo na OPP-07-LUGO foi fundadora dos consellos consultivo Larga Distancia, Noroeste e Sur, participando tamén no consello consultivo Peláxico. Ademais foi vocal do Pleno do Consello Galego de Pesca e membro de varias das súas Comisións.

Dende o 30 de decembro de 2016 é a Directora Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar da Xunta de Galicia.